

Bases para a convocatoria do “*Obradoiro de Gravado 2017*” e a selección do seu alumnado:

1.- O obradoiro será impartido por profesorado cualificado e os destinatarios desta actividade serán as persoas de 14 anos en adiante que presenten a instancia de solicitude de acordo co establecido no punto 5 destas bases. **Terán preferencia as persoas empadroadas** no Concello de Ferrol.

2.- Darase formación a **catro** grupos, formados por un máximo de 15 persoas e un mínimo de 5 persoas cada un deles. As clases serán **un día á semana** por cada un dos grupos, cunha duración de **3 horas de clase por cada grupo**.

3.- As clases impartiranse, en horario de mañá e tarde, os luns e os martes, do seguinte xeito:

Grupo 1. Luns (tardes) de 17.00 a 20.00 horas
Grupo 2. Martes (mañás) de 10.30 a 13.30 horas
Grupo 3. Martes (tardes) de 17.00 a 20.00 horas.
Grupo 4. Luns (mañá) de 10.30 a 13.30 horas.

4.- As ferramentas propias para desenvolver este obradoiro tenas que aportar cada alumno. O Concello unicamente aportará para este obradoiro as instalacións, o tórculo e a prensa vertical, así como unha serie de ferramentas para o inicio do obradoiro que se atopan na Aula de Gravado no Centro Torrente Ballester.

5.- As persoas que desexen participar deberán formalizar unha solicitude que estará a súa disposición no Rexistro xeral do Concello e na páxina web municipal www.ferrol.es (Taboleiro de anuncios) unha vez se abra o prazo de inscrición.

Deberá presentarse unha soa solicitude por cada alumno/a solicitante do obradoiro, **indicando a orde de preferencia no horario**. Aos efectos da aplicación da preferencia establecida no punto primeiro destas bases, no suposto de estar empadroado/a en Ferrol deberá achegar un **certificado de empadramento** acreditativo desta circunstancia, que solicitará no Rexistro xeral municipal no momento da entrega da solicitude.

O período de inscrición será de **10 días hábiles** dende a data de publicación destas Bases na páxina web do Concello e deberán presentarse no Rexistro xeral do Concello. O criterio de admisión será mediante a orde de entrada no Rexistro xeral municipal e realizarase unha listaxe de persoas admitidas e de persoas suplentes para o caso de renuncia dalgunha das persoas solicitantes.

6.- Unha vez elaborada a listaxe de persoas admitidas e persoas suplentes será publicada e poderá ser consultada na páxina web do Concello www.ferrol.es (Taboleiro de anuncios). Xunto coa listaxe darase coñecemento do día de comezo da actividade.

7.- As persoas admitidas disporán dun prazo de **5 días hábiles**, dende a publicación da listaxe anteriormente citada na páxina web do Concello, para formalizar o pago do prezo de matrícula que ascende á cantidade de 20 € (Ordenanza xeral reguladora do prezo público de actividades culturais do Concello de Ferrol).

8.- A estes efectos, no negociado de Facenda e Patrimonio deste Concello emitirase a correspondente carta de pago con indicación da conta bancaria de titularidade municipal na que deberán realizar o ingreso, e unha vez realizado dito ingreso presentarán o xustificante bancario no negociado de Cultura dentro do prazo anteriormente indicado. Non obstante poderá descargar o impreso para facer o pago na entidade bancaria do seguinte xeito:

www ferrol.es/sede electrónica/Oficina virtual tributaria/ Acceso á oficina virtual tributaria/Trámites sen certificado/Autoliquidacións/Taxas/Municipio:seleccionar FERROL/Concepto a liquidar: seleccionar /Actividades culturais/Obradoiro gravado.

Se no transcurso deste prazo non se tivese presentado o xustificante de ingreso bancario, considerarase que se renuncia á praza e pasará a adxudicarse ao correspondente solicitante suplente, ao que se lle notificará ao teléfono móbil ou correo electrónico que figure na solicitude.

9.- A ausencia inustificada de 3 días consecutivos ou 5 alternos poderá dar lugar á exclusión do alumno/a do obradoiro, dando entrada por orde de inscrición, aos solicitantes na listaxe de reserva.

10.- O Concello de Ferrol, despois do remate do obradoiro, non se fará cargo nin custodiará o material nin os traballos realizados polos alumnos.

11.- O alumnado deberá asina todos os días unha folla de asistencia, para que quede constancia da súa presenza.

Ferrol, 22 de marzo de 2017

O concelleiro delegado de Cultura e Ensino,

Jesús Basterrechea López